



ADMISIÓN ALUMNADO CURSO 2024-2025.

FASE DE RESERVA DE PRAZAS EN CENTROS DE ADSCRICIÓN

[ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación \(códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C\).](#) (DOG, 8/11/2022)

Ábrese o prazo para a **reserva de praza no IES As Telleiras**, centro ao que estamos adscritos, para o alumnado de 6º de Educación Primaria que vaia cursar os seus estudos de ESO.

**Data de presentación das solicitudes
para continuar os estudos no *IES As Telleiras*:
do 15 de xaneiro ata o 5 de febreiro (incluídos).**

O formulario de solicitude ([ED550A](#)), poderase **obter e entregar a través destas vías**:

- Aplicación [admisionalumnado](#), entregando a solicitude impresa e asinada no CEIP A Solaina.
- A través da [Sede Electrónica da Xunta de Galicia](#).
- Na secretaría do CEIP A Solaina.

A renuncia á praza de reserva solicitada no IES As Telleiras deberá facerse antes do 28 de febreiro (incluído) na secretaría do CEIP A Solaina (*Orde do 21 de outubro de 2022*, artigo 8).

Se deciden **optar por un centro distinto para cursar a ESO**, terán que facer a solicitude de admisión nese centro, no prazo establecido para ese trámite (1 ao 20 de marzo).